

## Concello de Ponteareas

### ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DE CONSULTA PÚBLICA

#### MODIFICACIÓN DE VARIAS ORDENANZAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA (CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA)

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da modificación das seguintes ordenanzas:

- Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Mobles
- Ordenanza reguladora do Imposto de Actividades Económicas
- Ordenanza reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras
- Ordenanza reguladora da Taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación da apertura de actividades económicas sometidas ao réxime de declaración responsable
- Ordenanza reguladora taxa por expedición de documentos administrativos.

Solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados polas normas relacionadas acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación a través do seguinte correo electrónico: [participacionciudad@ponteareas.gal](mailto:participacionciudad@ponteareas.gal) ou en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>	Adaptación do Concello de Ponteareas á iniciativa "Concellos doing business Galicia" según o protocolo firmado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP
<b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</b>	Fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio
<b>Obxectivos das normas</b>	Establecer diversos beneficios fiscais ás empresas
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b>	Non hai alternativas non regulatorias que permitan atender a necesidade apuntada.

A Alcaldesa por Delegación de Funcións, M.<sup>a</sup>. Cristina Fernández Davila  
(Documento asinado electronicamente)

